

Protocolo para o comezo das clases

Curso 2020/21

A actividade lectiva do centro comezará o **día 1 de outubro**.

Farase en 2 fases:

FASE 1. O día 1 de outubro comezarán unicamente as clases de instrumento. O profesorado titor dedicará a sesión de clase a informar das normas e demais novidades para este curso e resolver as dúbidas do alumnado e das súas familias, polo que non será necesario que traian o instrumento. O alumnado do Grao Elemental poderá vir acompañado de unha única persoa (pai, nai ou titor/a). O alumnado deberá traer asinado a declaración responsable covid-19 que poden descargar da páxina web do Centro.

FASE 2. A actividade lectiva irase incrementando progresivamente segundo se indica a continuación:

- A partir do día 7 comezarán as clases das demais materias de Grao Elemental (Linguaxe musical e Educación auditiva e vocal). Nas clases instrumentais comezarase coa actividade habitual.
- O día 9 comezarán as clases das demais materias de Grao Profesional salvo a materia de Orquestra/Banda.
- A partir do día 12 a actividade lectiva do centro será completa, incluíndo a materia de Orquestra/Banda.

NORMAS A TER EN CONTA PARA A ASISTENCIA ÁS CLASES:

- Antes da dirixirse ao centro deberase realizar a enquisa de autoavaliación clínica do covid 19 (ANEXO I).
- So se permite a entrada no centro ao alumnado para a asistencia ás clases. Unicamente o alumnado de grao elemental poderá vir acompañado de unha persoa na 1ª semana de clase (do 1 ao 6 de outubro). No caso dos instrumentos voluminosos será o profesor/a quen axudará no seu transporte dende a entrada do centro á aula.
- Deberase manter a distancia interpersonal e evitar o contacto, ademais de calquera outra norma de carácter xeral que as autoridades indiquen.

- O uso de máscara será obrigado en todos os espazos do centro. O alumnado deberá traer, xunto co demais material, unha 2ª máscara de reserva, xunto co estoxo necesario para gardala, por se fora necesaria.
- Non está permitido o intercambio de material entre o alumnado ou entre o alumnado e o profesorado, polo que deberase asistir provisto de lapis, goma, papel ou libreta, xunto co demais material que lle sexa preciso para as clases (partituras, afinador, metrónomo, etc.).
- Na entrada das aulas o alumnado deberá realizar unha hixiene de mans cos produtos que o centro poña a súa disposición para tal fin. O alumnado tamén poderá usar o seu propio xel desinfectante, sempre e cando sexa un produto certificado polas autoridades sanitarias.

O centro, por medio do profesorado titor, informará na 1ª semana de clase das demais normas específicas en función da materia e/ou especialidade que son de aplicación no centro.

ANEXO 1. ENQUISA DE AUTOAVALIACIÓN CLÍNICA DO COVID 19

Curso 20-21

De presentar calquera de estes síntomas solicita consulta no teu centro de saúde e non acudas ao Centro.

Presentou nas últimas dúas semanas?		SI	NON
Síntomas respiratorios	Febre maior de 37,5 °C		
	Tose seca		
	Dificultade respiratoria		
Outros Síntomas	Fatiga severa (cansazo)		
	Dor muscular		
	Falta de olfacto		
	Falta de gusto		
	Diarrea		

Ten actualmente algún dos síntomas? Sinalar cales e cando comezaron.

		SI	NON
Tivo CONTACTO nas últimas 2 semanas	cunha persoa COVID-19 + confirmado?		
	cunha persoa en illamento por sospeita de infección pola COVID-19?		
CONVIVIU nas últimas dúas semanas?	cunha persoa COVID-19 + confirmado?		
	cunha persoa en illamento por sospeita de infección pola COVID-19?		